



## **XI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES "Viaxarte" 2014**

A Concellaría Delegada de Educación, Deportes e Xuventude convoca a XI edición do Concurso de Fotografía de Viaxes "Viaxarte" coas seguintes.

### **BASES REGULADORAS**

#### **REQUISITOS**

1. Poderán participar as mozas e os mozos residentes en España e que teñan unha idade comprendida entre os 15 e os 30 anos, -ambos incluídos-, na data de finalización de admisión de orixinais. As obras presentaranse a título individual.
2. As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos.
3. As/os gañadoras/es de edicións anteriores do Concurso Viaxarte non terán opción a premio en ningunha das categorías.
4. As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autor das fotografías presentadas e feitas legalmente.
5. As fotografías terán un tamaño mínimo de 18 x 24 cm e máximo de 40 x 50 cm, e deberán presentarse **en soporte de cartón pluma de tamaño 40 x 50 cm**. Non se admitirán composicións con cristal. Poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor, en calquera técnica.
6. Tamén se entregará unha copia da fotografía en formato de arquivo dixital JPEG/JPG e de dimensións mínimas de 1024 x 768. En ningún caso, poderá superar os 5 Mb de carga. Xunto coas fotografías, incluírase tamén un arquivo de texto en formato OpenOffice/Word dun máximo de 10 liñas, cun breve resumo da viaxe que motivou a fotografía (lugar, datas aproximadas da viaxe e algún breve comentario sobre ela). Deberán ser presentados ao mesmo tempo que as fotos nun soporte dixital.
7. Establécense dúas modalidades de participación: fotografía individual e serie fotográfica. As/os concursantes só poderán participar nunha das modalidades e poderán enviar, como máximo, 3 fotografías. Na ficha de inscrición, deben facer constar se se presentan como fotos individuais ou como serie.
8. As fotografías identificaranse mediante un título que constará na parte traseira do cartón pluma. Xunto coa/s fotografía/s, presentarase un sobre pechado, en cuxo interior se incluírán a ficha de inscrición, a fotocopia do DNI ou pasaporte. Na parte exterior do sobre, só constarán o título da fotografía ou serie de fotografías presentadas.
9. No caso de que a/o participante sexa menor de idade, tamén deberá presentar dentro do sobre pechado, a autorización do pai/nai/titor legal así como a copia do DNI da persoa que autoriza a participación. O modelo de dita autorización poderá atoparse na web [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex).

## AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, CULTURA, DEPORTES E EDUCACION

Servizo de Deportes e Xuventude

Asunto. Bases reguladoras do **XI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES "Viaxarte" 2014**

### TEMA

10. Todas as fotografías deberán estar relacionadas co tema das experiencias viaxeiras.

### ENTREGA DE ORIXINAIS

11. As solicitudes para participar neste concurso xunto coas fotos nos formatos indicados deberán presentarse, en calquera dos lugares previstos legalmente e preferentemente no seguinte enderezo:

Centro Municipal de Información Xuvenil – CMIX.

Edificio Fórum Metropolitano. Rúa Río Monelos, 1.

Tel. 981 184 294 [cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es)

Horario: luns a venres de 10.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 20.00 h.

agosto: de 10:00 a 14:00 h.

### PRAZO DE ADMISIÓN

12. O prazo de admisión de orixinais manterase aberto do 1 de xullo ao 1 de setembro de 2014

### XURADO

13. O xurado estará integrado por 5 membros, nomeados polo Concelleiro Delegado de Educación, Deportes e Xuventude: actuará como presidente un funcionario municipal, como secretario -con voz e sen voto- o coordinador do CMIX e 3 vogais que serán fotógrafas/os ou expertas/os no ámbito fotográfico, turístico ou xuvenil. O nomeamento do xurado difundirase na web [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex)

14. O xurado basearase nos seguintes criterios para elixir as fotografías gañadoras : Proposta expresiva, corrección técnica e capacidade evocadora da viaxe.

### RESOLUCION DO CONCURSO

15. O xurado emitirá un ditame motivado dos candidatos que se propoñen como gañadores que se publicará na web . [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex) para que nun prazo de 10 días hábiles os interesados podan presentar as alegacións que estimen convenientes e serán resoltas, previo informe proposta, polo Concelleiro Delegado de Educación, Deportes e Xuventude nun prazo dun mes. Contra dita resolución, poderán os interesados interpoñer os recursos que estimen convenientes pero sen efecto suspensivo. No caso de non presentase alegación algunha a dito ditame do xurado , este pasará a ser a proposta da resolución definitivo do Concelleiro antedito.sobre este concurso

### PREMIO

16. O concurso terá os seguintes premios:

- Premio á mellor fotografía
- Premio á mellor serie fotográfica

Os premios á mellor fotografía e á mellor serie fotográfica consistirán nunha viaxe para unha ou dúas persoas.

- Viaxe para unha persoa: dunha semana, que se escollerá entre un país europeo.
- Viaxe para dúas persoas: de 4 días, que se escollerá entre unha cidade europea.

## AREA DE SERVIZOS SOCIAIS, CULTURA, DEPORTES E EDUCACION

Servizo de Deportes e Xuventude

Asunto. Bases reguladoras do **XI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES "Viaxarte" 2014**

Inclúen: voos i/v desde Madrid, hotel 3/4 \* con aloxamento e almorzo e seguro de asistencia de viaxe. A viaxe está suxeita á dispoñibilidade de prazas no momento de realizar a reserva, e as datas e dispoñibilidade en temporada baixa. Os premios serán persoais e intransferibles.

As/os premiadas/os deberán iniciar a súa viaxe, antes do 31 de decembro de 2014, e os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais que marque a lei.

As fotografías gañadoras, xunto cunha selección das presentadas ao certame, serán editadas nun catálogo.

### EXPOSICIÓN

17. Todas as fotografías presentadas ao concurso que cumpran os requisitos expostos nas bases, serán expostas durante o mes de setembro/outubro no Fórum Metropolitano da Coruña. Ademais unha selección das fotografías serán editadas na web do CMIX, [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex), nas súas redes sociais, así como noutros medios de difusión dixitais.

### OBRAS PREMIADAS

18. As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña, con cesión dos dereitos de reprodución e exposición.

### DEVOLUCIÓN

19. As fotografías non premiadas poderán ser retiradas desde o final da exposición até o 31 de outubro de 2014, persoalmente polos seus autores ou autoras, por persoas autorizadas por estes ou ben a portes pagos se se pretende facer de xeito non presencial. A organización non se responsabilizará dos danos que se puideren producir nas fotos polo seu envío, manipulación, remisión nin polas eventuais perdas.

20. A participación neste concurso implica a aceptación total destas bases, e unicamente o Concello da Coruña queda facultado para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas.

A Coruña, 16 de maio de 2014.

A Técnico Municipal responsable  
do programa VIAXARTE 2014

Susana Vara Bilbao